



## BORRADOR DE

# CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS "OBRAS DE INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS EN PARROQUIAS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA. FASE 1"

En Pontevedra, a \_\_\_\_\_ de dous mil oito

## REUNIDOS

Dunha parte, D. José Luis Romero Valeiras, Presidente da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, nomeado polo Decreto 487/2005, do 8 de setembro, actuando en nome e representación deste Ente Público.

Doutra parte, D. Miguel Anxo Fernández Lores, Alcalde do Concello de Pontevedra, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 124.4a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

## MANIFESTAN

Que con data 10 de outubro de 2006 subscribiuse Protocolo Xeral de Colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o Organismo Autónomo Augas de Galicia, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Excelentísimo Concello de Pontevedra para a execución das "Obras de Saneamento nas parroquias do Concello de Pontevedra".

Na estipulación oitava do Protocolo Xeral estableceuse que para o desenvolvemento subscribíranse Convenios de Colaboración referentes ás obras que conviría ir



executando de conformidade á programación xeral das actuacións e a situación administrativa de cada proxecto.

Sobre a base de todo o anterior, considerándose con capacidade legal suficiente para subscribir o presente documento, as partes comparecentes:

### ACORDAN

Asinar un Convenio de colaboración entre a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Pontevedra, previa autorización do Consello da Xunta de Galicia, para a execución de mellora do saneamento de determinadas parroquias do concello de Pontevedra.

Orden	Resumen investimentos en parroquias	Importe
1	Rede de sumidoiros na parroquia de Tomeza	780.705,94
2	Rede de sumidoiros na parroquia de Lerez	1.010.255,78
3	Rede de sumidoiros na parroquia de Cerponzóns	276.060,00
4	Rede de sumidoiros na parroquia de Mourente	1.374.591,07
5	Rede de sumidoiros na parroquia de Ponte Sampaio	605.863,63
6	Rede de sumidoiros na parroquia de Alba	218.109,99
7	Rede de sumidoiros na parroquia de Campañó	892.639,47
8	Rede de sumidoiros na parroquia de Marcón	556.059,83
<b>TOTAL</b>		<b>5.714.285,71</b>

Unhas obras serán licitadas, adxudicadas, executadas e recibidas polo Concello de Pontevedra e outras pola Administración Hidráulica de Galicia.

Por razón do exposto, ambas partes manifestan establecer este convenio de colaboración de acordo ás seguintes:

### CLÁUSULAS

#### PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto deste Convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Pontevedra para a execución das seguintes obras definidas nos seguintes proxectos:



Orden	Título	Parroquia	Importe
1	Instalación rede de sumidoiros no lugar de Reiriz. Alba	Alba	49.329,94
2	Instalación rede de sumidoiros no lugar de Guxilde. Alba	Alba	49.701,92
3	Instalación rede de sumidoiros no lugar de San Caetano - Alba	Alba	59.994,32
4	Instalación rede de sumidoiros na Cañota	Alba	59.083,81
5	Intalación rede de sumidoiros no lugar do Campaño de Abaixo.	Campañó	892.639,47
6	Instalación rede de sumidoiros no lugar da Cendona. Lerez	Lerez	47.476,42
7	Instalación rede de sumidoiros no lugar da Barcia-Marcón	Marcón	307.415,60
8	Instalación rede de sumidoiros no lugar de Valadares-Marcon	Marcón	59.651,00
9	Intalación rede de sumidoiros no lugar do Carrasco-Marcón.	Marcón	188.993,23
10	Rede de sumidoiros na parroquia de Tomeza IV fase.	Tomeza	780.705,94
11	Rede de sumidoiros na parroquia de Lerez V fase.	Lerez	962.779,36
12	Rede de sumidoiros na parroquia de Cerponzóns II fase.	Cerponzons	276.060,00
13	Rede de sumidoiros na parroquia de Mourente III fase.	Mourente	1.374.591,07
14	Rede de sumidoiros na parroquia de Ponte Sampaio III fase.	Ponte Sampaio	605.863,63
			<b>5.714.285,71</b>

A.-/ O Concello de Pontevedra, licitará, adxudicará, dirixirá e executará ao Concello as seguintes obras:

Orden	Título proxecto para O Concello	Parroquia	Importe
1	Instalación rede de sumidoiros no lugar de Reiriz. Alba	Alba	49.329,94
2	Instalación rede de sumidoiros no lugar de Guxilde. Alba	Alba	49.701,92
3	Instalación rede de sumidoiros no lugar de San Caetano -Alba	Alba	59.994,32
4	Instalación rede de sumidoiros na Cañota	Alba	59.083,81
<b>Rede de sumidoiros parroquia de Alba</b>		<b>Alba</b>	<b>218.109,99</b>
5	Intalación rede de sumidoiros no lugar do Campaño de Abaixo.	Campañó	892.639,47
<b>Rede de sumidoiros parroquia de Campañó</b>		<b>Campañó</b>	<b>892.639,47</b>
6	Instalación rede de sumidoiros no lugar da Cendona. Lerez	Lerez	47.476,42
<b>Rede de sumidoiros parroquia de Lerez</b>		<b>Lerez</b>	<b>47.476,42</b>
7	Instalación rede de sumidoiros no lugar da Barcia-Marcón	Marcón	307.415,60
8	Instalación rede de sumidoiros no lugar de Valadares-Marcon	Marcón	59.651,00
9	Intalación rede de sumidoiros no lugar do Carrasco-Marcón.	Marcón	188.993,23
<b>Rede de sumidoiros parroquia de Marcón</b>		<b>Marcón</b>	<b>556.059,83</b>
<b>TOTAIS : RESUMEN PROXECTOS</b>			<b>1.714.285,71</b>



B.-/ A Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos licitará, adxudicará, dirixirá, executará, recibirá e entregará ao Concello as seguintes obras:

Orden	Título proxecto para Augas de Galicia	Parroquia	Importe
1	Rede de sumidoiros na parroquia de Tomeza IV fase.	Tomeza	780.705,94
2	Rede de sumidoiros na parroquia de Lerez V fase.	Lerez	962.779,36
3	Rede de sumidoiros na parroquia de Cerponzóns II fase.	Cerponzons	276.060,00
4	Rede de sumidoiros na parroquia de Mourente III fase.	Mourente	1.374.591,07
5	Rede de sumidoiros na parroquia de Ponte Sampaio III fase.	Ponte Sampaio	605.863,63
<b>TOTAIS : RESUMEN PROXECTOS</b>			<b>4.000.000,00</b>

## SEGUNDA.- OBRIGAS DAS PARTES

Para o cumprimento do obxecto deste convenio:

A.- A Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos obrigase a:

- a.-Asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio que se concretan na cláusula seguinte.
- b.-Contratar, mediante o oportuno expediente, as obras dacordo coas obrigas aludidas na cláusula primeira.
- c.-O control, dirección, execución e coordinación das actuacións necesarias para a execución dos proxectos correspondentes ás obras descritas na cláusula primeira B/, e, unha vez executadas, a súa recepción.
- d.-Entregar as obras ao Concello, unha vez sexan recibidas, de conformidade

B.- O Concello de Pontevedra obrigase a:

- a.-Asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio que se concretan na cláusula seguinte.
- b.-Contratar, mediante o oportuno expediente, as obras dacordo coas obrigas aludidas na cláusula primeira.



c.- O control, dirección, execución e coordinación das actuacións necesarias para a execución dos proxectos correspondentes ás obras descritas na cláusula primeira A/, e, unha vez executadas, a súa recepción.

d.- Para as obras que licite a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos obxecto deste convenio, acreditar o cumprimento dos compromisos exixidos polo artigo 2 do Decreto 426/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público.

### TERCEIRA.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO

O custo total das actuacións contempladas ascende a prezos de contrata a 5.714.285,71€ (CINCO MILLÓNS SETECENTOS CATORCE MIL DOUSCENTOS OITENTA E CINCO CON SETENTA E UN EUROS), que serán financiadas de acordo co seguinte réxime:

A Empresa Pública de Obras e Servizos hidráulicos financiará a totalidade das seguintes obras:

Orden	Título proxecto para Augas de Galicia	Parroquia	Importe
1	Rede de sumidoiros na parroquia de Tomeza IV fase.	Tomeza	780.705,94
2	Rede de sumidoiros na parroquia de Lerez V fase.	Lerez	962.779,36
3	Rede de sumidoiros na parroquia de Cerponzóns II fase.	Cerponzons	276.060,00
4	Rede de sumidoiros na parroquia de Mourente III fase.	Mourente	1.374.591,07
5	Rede de sumidoiros na parroquia de Ponte Sampaio III fase.	Ponte Sampaio	605.863,63
<b>TOTAIS : RESUMEN PROXECTOS</b>			<b>4.000.000,00</b>

Que supón un coste total de 4.000.000,00€ (CATRO MILLÓNS DE EUROS), para o que existe crédito suficiente e axeitado no Grupo 2 do seu presuposto de capital, asociado ao Proxecto 507003 dentro do Programa 542B, coa seguinte anualización:

- 2008: 500.000,00€



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE  
EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS

- 2009: 2.000.000,00€
- 2010: 1.500.00,00€

O Concello de Pontevedra financiará a totalidade das seguintes obras:

Orden	Título proxecto para O Concello	Parroquia	Importe
1	Instalación rede de sumidoiros no lugar de Reiriz. Alba	Alba	49.329,94
2	Instalación rede de sumidoiros no lugar de Guxilde. Alba	Alba	49.701,92
3	Instalación rede de sumidoiros no lugar de San Caetano -Alba	Alba	59.994,32
4	Instalación rede de sumidoiros na Cañota	Alba	59.083,81
	<b>Rede de sumidoiros parroquia de Alba</b>	<b>Alba</b>	<b>218.109,99</b>
5	Intalación rede de sumidoiros no lugar do Campaño de Abaixo.	Campañó	892.639,47
	<b>Rede de sumidoiros parroquia de Campaño</b>	<b>Campañó</b>	<b>892.639,47</b>
6	Instalación rede de sumidoiros no lugar da Cendona. Lerez	Lerez	47.476,42
	<b>Rede de sumidoiros parroquia de Lerez</b>	<b>Lerez</b>	<b>47.476,42</b>
7	Instalación rede de sumidoiros no lugar da Barcia-Marcón	Marcón	307.415,60
8	Instalación rede de sumidoiros no lugar de Valadares-Marcon	Marcón	59.651,00
9	Intalación rede de sumidoiros no lugar do Carrasco-Marcón.	Marcón	188.993,23
	<b>Rede de sumidoiros parroquia de Marcón</b>	<b>Marcón</b>	<b>556.059,83</b>
<b>TOTAIS : RESUMEN PROXECTOS</b>			<b>1.714.285,71</b>

Sendo o coste total a financiar de 1.714.285,71€ (UN MILLÓN SETECENTOS CATORCE MIL DOUSCENTOS OINTENTA E CINCO EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS), para o que existe crédito suficiente e axeitado na partida orzamentaria /018.441-611.08 dos seus presupostos coa seguinte anualización:

- 2008; 1.714.285,71€

### CUARTA.- EXECUCIÓN E MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación dos concursos de execución das obras repercutirase coa mesma fórmula de reparto en canto ao financiamento, é dicir, as baixas das obras licitadas pola Empresa Pública de



Obras e Servizos Hidráulicos serán aplicadas aos orzamentos deste Ente e as baixas das obras licitadas polo Concello de Pontevedra serán aplicadas aos orzamentos do Concello. Do mesmo xeito, os incrementos derivados de posibles modificacións dos proxectos de execución así como das eventuais liquidacións definitivas serán asumidas deste mesmo xeito.

#### **QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representante da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e outros dous representantes do Concello de Pontevedra para desenvolver as seguintes actuacións:

- Supervisión das obras que realice o Concello de Pontevedra e das que realice a Administración Hidráulica de Galicia, co obxectivo de que existe coordinación entre as mesmas para o que a Comisión de Seguimento reunirase tantas veces como sexa necesario.
- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propondo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

#### **SEXTA.- VIXENCIA**

O convenio xurdirá efecto dende a data da súa sinatura e terá a duración precisa para a completa execución das actuacións nel recollidas.

En todo caso, a eficacia deste convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2009.

#### **SÉTIMA.- CAUSAS DE EXTINCIÓN**

Serán causas de extinción do convenio o cumprimento do seu obxecto, a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputábeis ás



partes e o incumprimento de calquera das súas cláusulas por calquera das partes asinantes.

#### **OITAVA.- NATUREZA**

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo. A xurisdición competente para resolver as cuestión litixiosas que poidan xurdir é a contencioso-administrativa.

Así queda redactado o presente convenio que en proba de conformidade asinan os comparecentes por triplicado exemplar na cidade e data indicados no encabezado.

**O PRESIDENTE DA EMPRESA PÚBLICA  
DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS**

**O ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO.  
CONCELLO DE PONTEVEDRA**

Asdo.: José Luis Romero Valeiras

Asdo.: Miguel Anxo Fernández Lores